

Bos Aires, 8-5o-1958.

Moi estimado amigo Valentín:

A miña demora en contestar a súa atenta carta do 20 de marzo, non foi certamente por preguiza, sinón por unha orden terminante do médico que en vista da outisima presión que me atopou, (máis de 30) obrigoume a un necesario e riguroso descanso, mesmo físico que mental, e non tiven outro remedio que "obedecer". Agora estou atendida por dúas autoridades médicas, val decir, pol-o mellor que hai no Centro Galego, cada un na súa especialidade. Ambos tomaron este asunto con agarimo e moito intrés, pero... como pol-o visto a miña presión e máis ben de tipo emotivo, velahí que pouca o ningu-ha esperanza poida abrigare... Aló o veremos, dempois de que a radiografía, electrocardiograma e analisis en xeral a que fun sometida, dictaminen o que teño.

Vexo, con sincero pesar, que tamén vostedes están con natural preocupación seguindo a paso a doenza longa do seu curmán Xavier, i ogallá que a súa próxima noticia confirme a que todos desexamos.

No decorrer do derradeiro tempo, tiven carta de Clemencia e da miña sobri-na Paz, confirmando ambas ter recibido, por mediación de vostede, as cantidades de 1.000 pesetas asignadas a cada unha. Quedaron moi contentas, e máis aínda por creeren que esta "americana platuda" pode facer eses milagres sin sacrificio ningún... Mellor deixalas soñar... Pro a vostede amigo Valentín, direille, que como eiquí a vida está que arde cada día máis e peor, agradecerelle moito que do resto da miña conta, e decir, que todo o que lle permitan retirar de ela, faga o favor de telo en condicións pra mo mander, aproveitando o viaxe que Antón Rodríguez, actual Presidente do Centro Ouren-sán, pensa facer a TERRA en compañía da súa dona. Supoño, que estos, bos amigos de todos, se verán con vostedes e nunca mellor ocasión podrá presentarse. Eu xa lle falei, e díxome que con moitísimo gusto sería portador de isas cartas.

Arxentina ten xa seu novo Presidente, e ogallá poida arranxar esta difícil situación en que se atopa o país. E unha breva demasiado podre. O día da transmisión do mando, o país viviu unha xornada "escalofriante" de emoción, uns acramando aos novos mandatarios, outros, -unha inmensa multitude- pra ver, acramar e despedire, aos que se iban, deixando tristura e desalento nos curazóns, porque, si e verdade que no decorrer do seu mandato cometeron algún erro (quén non-os ten) ninguén lles pode negar que cumpriron a súa palabra empeñada, que actuaron con honestidade política e foron SENORES con dignidade dende o comenzo ao final. O discurso do Presidente electo, pronunciado na asamblea de Lexisladores, foi, o que se di, unha peza formidabre, e si cumpre, mellor dito, si lle deixan cumprir as moitas promesas expostas, o país está "salvado" Esperemos.

Alégrome moito, que Pilar siga mellorando da súa doenza, eo simpático Alfonso esté descansando contento tomándose boas vacacións. Pra eles e vostede, unha aperta garimosa da súa amiga

*Proxenia*

Transmitín seus saudos aos amigos, e llos retribuiren con agarimo.